

Texto: **JOSÉ MANUEL TRIGO**

Ilustracións: **RAMÓN TRIGO**

Encadernación rústica. 18,5x25,5 cm.

104 páxinas en branco e negro. Novela Gráfica.

Dispoñible en:

-Galego: "O burato do inferno"

ISBN 978-84-96957-63-3

-Castelán: "El agujero del infierno"

ISBN 978-84-96957-64-0

Prezo: 16 €

O BURATO DO INFERNO

A Guarda, Galicia, ano 1858.

Xosé recibiu un día a chamada de don Elías, o párroco, para que o acompañara visitar o pai do mozo, que regresara moi enfermo da Habana.

Aínda que Xosé desprezaba o moribundo, non podía negarse a aquela petición. O seu pai, Benito o Lindo, era un home endurecido pola miseria e a fame, que abandoara a súa muller cando quedou embarazada.

Durante un tempo foi raqueiro e contrabandista na fronteira con Portugal; despois desapareceu.

Xosé non tivo noticias súas ata que comezou a enviarlle cartos para a súa manutención. Trala morte da súa muller, Benito fíxose cargo dos gastos do seu fillo ata que este puido valerse por si mesmo. Mentres se achegaba á illa, Xosé tivo un estrano presentimento...

Nas costas galegas os raqueiros, piratas de terra, aproveitaban as noites sen lúa e prendían fogueiras para enganar as embarcacións que navegaban próximas, e así facíanlles crer que seguían o rumbo correcto. De súpeto, os barcos encallaban nunha praia ou estrelábanse contra as rochas e eran atacados polos raqueiros, que os asaltaban e os despoixaban rapidamente da súa carga.

XOSÉ MANUEL TRIGO (Vigo, 1954)

Dende hai máis de 40 anos é ebanista e carpinteiro. Tamén ten unha longa experiencia impartendo obradoiros de formación ocupacional. Colabora coa Fundación Érguete de axuda ao toxicómano. "O burato do inferno" é o seu primeiro libro, aínda que ten colaborado na realización de guións para proxectos audiovisuais e de banda deseñada.

RAMÓN TRIGO (Vigo, 1965)

Con 18 anos publicaba os seus traballos como ilustrador e debuxante de cómic en xornais e revistas especializadas. As súas primeiras obras pictóricas datan de 1986; dende entón adicase á ilustración de libros e a expoñer as súas obras. Entre os seus álbums máis destacados figuran "O pirata pata de lata" e "As luces que se acenden e se apagan", editados por KALANDRAKA e FAKTORÍA K, respectivamente. Traballou en Alemaña, Francia e Portugal. Recibiu numerosos galardóns, como o segundo premio Eixo Atlántico de pintura, o premio do II Concurso Internacional Álbum Infantil do Cabildo de Gran Canaria e o 1º Premio Internacional de Álbum Ilustrado Cidade de Alicante. En 2005 expuso no Parlamento Europeo de Bruxelas a serie "Mar de fondo".

